

BIBLIO
fondos

8 de MARZO


DÍA DA MULLER TRABALLADORA



Con motivo do 8 de marzo, Día da Muller Traballadora, desde a Biblioteca en colaboración coa Responsable de Igualdade do centro, queremos propoñervos a lectura dalgúns libros nos que se reflicten as contribucións dalgunhas das moitas mulleres que ao longo da historia teñen contribuído ao coñecemento humano en áreas nas que ata o momento persiste unha pequena representación.



Rosalía de Castro. Escolma poética
Rosalía Castro e os nenos
Hipatia, la maestra
Clara Campoamor. La sufragista
Curie la atómica
Marie Curie
Curie y la ciencia de la radiactividad
Jane Goodall la amiga de los chimpancés
Wangari y los árboles de la paz



BIBLIO
actividades

8 de MARZO

DÍA DA MULLER TRABALLADORA

2011

CEIP PÍO XII

Año internacional

da Química e dos Bosques



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Poza de Bar s/n 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel./Fax: 981562522 ceip.pio12@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/ceippioxii>

2011 ano internacional dos bosques

Wangari Maathai

Premio Nobel da Paz
2004

Nacida o 1 de abril de 1940 en Nyieri, Kenia, é unha activista política e ecoloxista keniana. En 2004 recibiu o Prémio Nobel da Paz por "as súas contribucións ao desenvolvemento sostible, á democracia e á paz". É a primeira muller africana que recibe este galardón.

Despois de acabar o colexio, Maathai estudou bioloxía nos Estados Unidos e en Alemaña. Recibiu a licenciatura en bioloxía do Mount St. Scholastica en 1964, e o título de Master da Universidade de Pittsburg. Despois voltou a Kenia, á Universidade de Nairobi onde recibiu o primeiro título de Doutor en Medicina e Veterinaria outorgado a unha muller de África Oriental.

En 1971 pasou a ocupar o posto de profesora no Departamento de anatomía veterinaria na Universidade de Nairobi da que sería xefa de departamento.

Fundou o Movemento Cinto Verde, especie de lobby ecoloxista responsable da plantación de mais de 30 millóns de árbores por todo o país, para evitar a erosión do chan, e así mellorar a calidade de vida das mulleres que o levaban a cabo. Isto fíxolle merecer o apelativo afectuoso de Tree Woman (Muller Árbore).

Desde entón, converteuse nunha muller moi activa en temas medioambientais e a favor das mulleres.



/ Tree woman /

2011 ano internacional da química

María Skalodowska

Premio Nobel de Química
1911

Foi unha nena intelixente con moitas ganas de aprender. Ademais de bordar, nadar, debuxar, bailar, patinar sobre xeo e tocar o piano... falaba cinco idiomas!

Naceu en Varsovia, Polonia, en 1867 cando estaba baixo a dominación de Rusia, e como alí non aceptaban a mulleres na Universidade, marchou cando tiña 24 anos con Bronia, unha das súas irmáns, a estudar a París.

Na universidade de La Sorbona en París estudou matemáticas, física e química e coñeceu ao que sería o seu home, Pierre Curie, os dous eran moi estudosos e sinxelos. De feito cando casaron, Marie pediu de agasallo un vestido que puidera utilizar despois da voda e mercaron dúas bicicletas para ir de lúa de mel.

Marie e Pierre realizaron grandes descubrimentos científicos por iso en 1903 gañaron, xunto con Henri Becquerel un Premio Nóbel de física.

Maís adiante, en 1911, Marie, volveu a gañar un Premio Nóbel, neste caso, o de Química.

E por iso agora, nós, queremos, 100 anos máis tarde, adicarlle unha especial atención no Día da Muller Traballadora e coñecer un pouco máis sobre a súa vida e os seus traballos.



/ Marie Curie /